


O meu libro do amor



CEIP P. DE PEDROUZOS

This book is for:

With love from:

MY ART BOOK OF
LOVE

WORDS BY SHANA GOZANSKY



Queridas familias:

Durante este curso escolar, o alumnado de 2º de Primaria realizará un proxecto artístico e emocional inspirado no libro *My Art Book of Love*, da editorial Phaidon. A través da observación de obras de arte de artistas como Klimt, Brancusi, Bonnard ou Alex Katz, exploraremos diferentes formas de expresar o amor: o agarimo, a proximidade, a calma compartida, a ternura, o consolo, a complicidade ou a aventura.

Este traballo está tamén en consonancia co enfoque de educación emocional que coñecemos grazas á docente Beatriz Castro Suárez, cuxas achegas nos axudan a acompañar o alumnado no recoñecemento e expresión das emocións dun modo respectuoso, seguro e creativo.

A proposta responde aos principios metodolóxicos do noso currículo: aprendizaxe significativa, metodoloxía activa, globalización, creatividade, inclusión e educación emocional.

O produto final é este libriño individual titulado "O meu libro do amor", no que cada alumno/a integra:

- fondos artísticos creados con técnicas variadas
- fotografías representando emocións e escenas
- textos breves (escritos ou ditados) que expresan o significado emocional de cada obra
- interpretacións persoais inspiradas en artistas clásicos e contemporáneos

A continuación, describíense os obxectivos relacionados con este proxecto, así como os métodos e ferramentas de avaliación:

Obxectivos xerais da etapa relacionados

- Desenvolver habilidades emocionais, sociais e comunicativas.
- Expresarse a través de diferentes linguaxes e medios artísticos.
- Fomentar a convivencia, o respecto e a empatía.
- Desenvolver a creatividade e o pensamento crítico.

Obxectivos específicos da secuencia

- Recoñecer, nomear e expresar emocións a través da arte e da linguaxe verbal.
- Observar e interpretar obras de arte, identificando elementos visuais básicos.
- Explorar técnicas plásticas variadas para crear fondos expresivos.
- Desenvolver a competencia comunicativa describindo imaxes e verbalizando sentimentos.
- Fomentar a autoestima, a identidade e a expresión persoal.
- Participar en actividades cooperativas mostrando respecto e coidado.
- Crear un produto artístico completo integrando imaxe, texto e emoción.

Métodos e ferramentas de avaliación:

Enfoque avaliador

- Continua: ao longo de todo o proceso.
- Formativa: con feedback constante.
- Global: artística, emocional, lingüística e social.
- Cualitativa: baseada en rúbrica e observación.
- Inclusiva: adaptada aos ritmos individuais.


Ferramentas

- Observación directa.
- Rúbrica de avaliación.
- Coavaliación oral.
- Análise do produto final (libriño).

Rúbrica de avaliación




Criterio	Excelente (4)	Notable (3)	Suficiente (2)	Precisa apoio (1)
<p>Participar en interaccións orais expresando emocións, ideas e opinións, respectando as normas básicas da conversa.</p>	<p>Expresa emocións e ideas con claridade, vocabulario variado e iniciativa.</p>	<p>Expresa emocións e ideas con claridade.</p>	<p>Expresa emocións básicas con apoio.</p>	<p>Ten dificultades para expresar emocións ou participar.</p>
<p>Expresar ideas, emocións e vivencias mediante creacións plásticas sinxelas.</p>	<p>Interpreta a obra relacionándoa con emocións e experiencias propias.</p>	<p>Identifica elementos visuais e comenta a obra.</p>	<p>Recoñece algún elemento básico da obra.</p>	<p>ten dificultades para observar ou interpretar.</p>
<p>Expresar emocións mediante creacións artísticas</p>	<p>A súa obra transmite claramente emoción e intención expresiva.</p>	<p>A súa obra mostra intención emocional.</p>	<p>A súa obra expresa emocións básicas con apoio.</p>	<p>Non logra expresar emocións na obra.</p>
<p>Producir textos escritos breves con intención comunicativa, respectando as normas básicas do código escrito</p>	<p>Crea textos claros, coherentes e relacionados coa obra e emoción.</p>	<p>Crea textos breves axeitados.</p>	<p>Produce textos moi simples con apoio.</p>	<p>Non consegue producir texto nin ditado sen axuda intensa.</p>



GOZANSKY

MY ART BOOK OF LOVE



MY ART BOOK OF
LOVE

WORDS BY SHANA GOZANSKY

phaidon





Summer Evening at the South Beach
P. S. Krøyer

Emoción: Complicidade

Obxectivo:

Explorar a amizade íntima e os segredos bonitos.

1. Observamos a obra

- Que cres que están falando?
- Que é un segredo bonito?

2. Conversa emocional


- Que cousas comparto só con alguén especial?

3. Técnica artística

- Fondo con degradados azuis e lilas (atardecer).
- Mestura con esponxa.

4. Foto para o libriño: Xesto de contar un segredo ao oído.

5. Produto final: "O amor é compartir segredos."



The Three Ages of Woman
Gustav Klimt

Emoción: Agarimo, protección

Obxectivo:

Identificar quen nos coida e expresar afecto a través da arte.

1. Observamos a obra

- Que ves?
- Que relación cres que teñen?
- Como sabes que se queren?

2. Conversa emocional


- Quen me coida?
- A quen coido eu?

3. Técnica artística

- Fondo dourado con círculos, espirais e puntos (inspiración Klimt).
- Estampación con tapóns, pincel fino ou dedos.

4. Foto para o libriño: tomarse unha foto dos nenos dando un abrazo suave cun compañeiro/a, e a fotografía irá sobre o fondo.

5. Produto final : "O amor é un abrazo suave."



Slow Dance
Kerry James Marshall

Emoción: Calma compartida

Obxectivo:

Explorar o movemento suave e a harmonía.

1. Observamos a obra

- Que están facendo?
- Como cres que se senten?

2. Conversa emocional

- Con quen me sinto tranquilo/a?
- Que é facer algo ao mesmo ritmo?

3. Técnica artística

- Fondo con pinceladas longas e suaves.
- Xogo de movemento con música lenta.

4. Foto para o libriño: Xesto de baile lento (man levantada, paso suave).

5. Produto final: "O amor é bailar xuntos lentamente."



The Ryan Sisters
Alex Katz

Emoción: Alegría, exploración.

Obxectivo:

Representar a amizade divertida e as aventuras.

1. Observamos a obra

- Que parecen estar facendo?
- Que é unha aventura?

2. Conversa emocional

- Con quen me gusta explorar e vivir aventuras?
- Que aventuras pequenas vivimos na escola?

3. Técnica artística

- Fondo pop con cores planas e vivas.
- Recortes e formas grandes.

4. Foto para o libriño: Nenos/as camiñando, sinalando ou rindo xuntos.

5. Produto final: "O amor é unha aventura."



Little Girl with Cat
Pierre Bonnard

Emoción: Tenrura

Obxectivo:

Expresar coidado e delicadeza.

1. Observamos a obra

- Como trata a nena ao gatiño?
- Que é ser tenro?

2. Conversa emocional


- Como coidamos dos animais?
- Que cousas facemos con suavidade?

3. Técnica artística

- Fondo con texturas suaves: algodón, esponxas, ceras brandas.

4. Foto para o libriño: Xesto de acariciar un peluche de gatiño.

5. Produto final: "O amor son caricias tenras."



The Kiss
Constantin Brancusi

Emoción: Afecto, proximidade

Obxectivo:

Representar a unión e a conexión entre persoas.

1. Observamos a obra

- Que forma teñen as figuras?
- Como se nota que están unidas?

2. Conversa emocional

- Que significa estar preto de alguén?
- Como mostramos cariño?

3. Técnica artística

- Fondo con formas xeométricas simples en tons neutros.
- Xogo de simetrías.

4. Foto para o libriño: Dúas frontes tocándose, simbolizando unión.

5. Produto final: "O amor é estar preto."



Piti Teina — Paul Gauguin

Piti Teina
Gauguin 93

Emoción: Consolo, seguridade

Obxectivo:

Identificar que nos calma e como consolar aos demais.

1. Observamos a obra

- Que emoción transmite?
- Que fan as persoas cando consolan?

2. Conversa emocional

- Que me consola cando estou triste?
- Como podo consolar a alguén?

3. Técnica artística

- Fondo cálido con cores tropicais.
- Mestura de ceras e témpera.

4. Foto para o libriño: Man no corazón, abrazo a si mesmos, ou abrazo a unha persoa que nos dea seguridade.

5. Produto final: "O amor é consolar a quen o necesita."



A Goodnight Hug
Mary Cassatt

Emoción: Seguridade, calma, despedida afectuosa.

Obxectivo:

Identificar rutinas afectivas que nos axudan a sentirnos seguros.

1. Observamos a obra

- Que está pasando?
- Como cres que se sente a nena?

2. Conversa emocional

- Que rutina de boas noites me fai sentir ben?

3. Técnica artística:

- Fondo nocturno suave: degradado azul-lila + estrelas.

4. Foto para o libriño: Aperta de boas noites (a un compañeiro, peluche ou boneca).

5. Texto do libriño: "O amor é unha aperta de boas noites".



Fiesta at the Hermitage
Salvador Dalí

Emoción: Alegría, celebración, fantasía

Obxectivo:

Explorar a festa, o xogo e a imaxinación a través da arte surrealista.

1. Observamos a obra

- Que está pasando nesta escena?
- Ves algo sorprendente ou diferente do habitual?
- Que cores predominan?

2. Conversa emocional

- Que é para ti unha festa?
- Con quen che gusta celebrar cousas?

3. Técnica artística:

- Cores vivas con formas inesperadas
- Confeti, espirais.

4. Foto para o libriño: Xesto de celebración: mans ao alto, sorriso grande, salto ou pose divertida.

5. Texto do libriño: "O amor é celebrar xuntos"



Marechal Floriano Peixoto
Kehinde Wiley

Emoción: Orgullo, forza interior, identidade

Obxectivo:

Representar a identidade persoal e a autoestima a través dun retrato poderoso.

1. Observamos a obra

- Que transmite a súa expresión?
- Que che chama a atención do fondo floral?

2. Conversa emocional

- Que cousas me fan sentir forte?
- De que estou orgullosa?

3. Técnica artística

- Cores intensas e contrastadas.

4. Foto para o libriño

- Pose poderosa: mans na cintura, peito erguido, mirada decidida.
- Postura heroica ou elegante, sempre desde o xogo.

5. Texto do libriño: "O amor é sentirme forte e orgulloso de quen son".



**Beautiful Love Demenza Painting
with Beautiful Butterflies
Damien Hirst**

Emoción: Beleza, transformación.

Obxectivo: Explorar a idea de cambio e expresión emocional a través da cor e das bolboretas.

1. Observamos a obra

- Que significan para ti as bolboretas?
- Que emoción transmite esta explosión de cor?

2. Conversa emocional

- Que é a beleza para min?
- Que me fai sentir lixeiro/a como unha bolboreta?

3. Técnica artística

- Fondo explosivo con puntos grandes e pequenos.
- Engadir bolboretas recortadas ou debuxadas.

4. Foto para o libriño

- Xesto de apertura: brazos abertos e man soltando bolboretas.

5. Texto do libriño: "O amor é transformar o mundo con beleza".



Twin 6 Hearts
Jim Dine

Emoción: Amor compartido, unión, amizade

Obxectivo: Representar o vínculo afectivo a través do símbolo do corazón.

1. Observamos a obra

- Que cores predominan?
- Que emoción transmite a obra?

2. Conversa emocional

- Que cousas enchen o meu corazón?
- Que significa ter un corazón grande?

3. Técnica artística

- Corazóns expresivos con pinceladas visibles.
- Mestura de cores cálidas e frías.
- Texturas creadas con ceras e témpera.

4. Foto para o libriño

- Mans formando un corazón.
- Ou dous nenos/as creando un corazón entre ambos.

5. Texto do libriño: "O amor é ter dous corazóns que laten xuntos"

Este libriño naceu da mirada curiosa, sensible e creativa do noso alumnado. A Través da arte, das emocións e do xogo, exploramos o amor en todas as súas formas: o agarimo, a amizade, a calma, a complicidade, a celebración, a identidade e a beleza.

Cada páxina é unha pequena obra: un fondo creado con técnicas artísticas variadas, unha fotografía que captura un xesto, unha emoción, un instante, e unha frase que nos lembra que o amor está en todas partes.

Este proxecto inspírase no libro *My Art Book of Love* e tamén nas aprendizaxes compartidas coa docente Beatriz Castro Suárez, cuxo traballo en educación emocional nos axuda a acompañar o alumnado con respecto, sensibilidade e presenza.

*Gracias por formar parte desta viaxe artística e emocional.
O amor medra cando se comparte.*

